Ulex micranthus Lange, 1878

- toxo brañego, t. portugués, toixo
- tojo portugués
-
- gatosa, gatosa de braña
- portuguee furze
- tojo-gatunho, tojo-brañego



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fabales**	**Fabaceae**	***Ulex***

ORIXE

Sur de Galicia e norte de Portugal.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto espiñento e de pequeno tamaño, que alcanza entre os 20 e os 80 cm de altura. As pólas son ríxidas e están transformadas en espiñas primarias, das que nacen espiñas secundarias e terciarias. As follas son reducidas a espiñas. Nas plantas máis novas poden ser folíolos e nas plantas adultas modifícanse en espiñas ríxidas. As flores son amarelas, de menor tamaño ca outras especies de toxo e coñecidas como “chorima”. O froito é un legume de cor agrisada que, cando madura e seca, pode estalar violentamente, liberando as súas sementes ata varios metros de distancia. A vaíña, de forma aovada u oblonga, é típicamente pequena, e pode conter varias sementes no seu interior.

HÁBITAT

Brañas e solos húmidos, sendo unha especie termófila máis tolerante ao frío ca outros toxos. Atópase nun intervalo de altitude de entre os 20 aos 500 metros. Localízase principalmente en breixeiras e toxeiras higrófilas.

DISTRIBUCIÓN

Suroeste de Galicia e norte de Portugal.

CURIOSIDADES

Produce unha gran cantidade de material morto e, ao ser unha planta pirófita, contribúe a un risco extremo de incendio en matogueiras densas.